



## INFORMACIÓN CURSO 2023/24

### ASISTENCIA Á CLASE:

- Durante o horario lectivo, os alumnos non poderán saír do instituto. Se por algunha razón excepcional, algún alumno ten que abandonar o centro, farao acompañado polo pai, nai ou titor legal, previa sinatura da autorización de ausencia; **saída que non terá lugar durante as clases senón no intercambio delas (9.20h./10.10h./10.30h./11.20h./12.10h./12.30h./13.20h./17.20h.)**.
- As faltas de asistencia a clase serán xustificadas por **ABALAR** ao titor ou titora, adxuntando documento xustificativo, ou no seu defecto enviaran dito documento a través do alumno/a. A presentación de documento **xustificativo de ausencia é imprescindible** no caso de que coincida coa realización de exames.

### SOLICITUDE DE CITA COS TITORES/AS:

- Poderán solicitar cita co titor/a ou profesor/a a través da aplicación **ABALAR** onde constan os nomes e horarios dos profesores de cada materia que cursa cada alumno/a. Tamén consta o horario de atención as familias na páxina web do centro **[www.edu.xunta.es/centros/iesoroso](http://www.edu.xunta.es/centros/iesoroso)**.

### USO DO MÓBIL:

- Por decisión acordada en claustro, aos alumnos que **utilicen ou exhiban o teléfono móbil dentro do recinto escolar ou nas actividades complementarias, retiraráselles por un período de 24 horas**, pasado o cal terá que recollelo algún de seus pais ou persoa adulta autorizada polos mesmos. O alumnado reincidente será sancionado cunha falta moi grave, aplicando o establecido na lei de convivencia para este tipo de faltas.

### CALENDARIO ESCOLAR (días non lectivos):

- Día do ensino: 7 de decembro de 2023
- Vacacións de Nadal: dende o 22 de decembro de 2023 ata o 7 de xaneiro 2024, ambos inclusive.
- Vacacións de Entroido: dende o 12 ata o 14 de febreiro de 2024, ambos inclusive.
- Vacacións de Semana Santa: dende o 25 de marzo ata o 1 de abril de 2024, ambos inclusive.
- Días non lectivos elixidos polo centro: 13 de outubro de 2023 e 20 de maio de 2024 (pendente autorización).

### AVALIACIÓNS:

- 1ª Avaliación: 18 e 19 de decembro de 2023.
- 2ª Avaliación: 19 e 21 de marzo de 2024.
- Avaliación final: A partir do 21 de xuño de 2024.

O boletín de notas será enviado a través da aplicación **ABALAR**. Si algún o quere en papel pode solicitalo na oficina.